

Modificacións nos servizos de transporte urbano durante a celebración da XXXIV Carreira Pedestre Popular. Domingo 30 de outubro de 2011.

Con motivo da celebración da Carreira Pedestre o vindeiro domingo 30 de outubro, as liñas do transporte urbano que operan en domingo verán modificados os seus horarios e percorridos durante o transcurso da carreira do xeito que se expón de seguido:

- **Nos horarios que NON aparecen neste documento, as liñas realizarán o itinerario habitual dun domingo, tendo en conta que o restablecemento do servizo dependerá da hora de finalización da carreira.**

As horas indicadas son referidas ás saídas das cabeceiras de liña en cada un dos casos:

Liña 1: Pol. do Tambre – hospital Clínico:

Entre as **10.00 h e as 12.30 h**, os autobuses da liña 1 realizarán o seguinte percorrido:

Hospital Clínico – Boisaca – Pol. do Tambre: hospital Clínico – Santa Marta – Rosalía de Castro (ata pza. de Vigo) – Avda. de Vilagarcía - Avda. Romero Donallo - Avda. de Lugo – rotonda baixo o periférico (cambio de sentido) - **rúa de Ramón Piñeiro** (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. Estac. ferrocarril) – Avda. de Lugo – periférico – rúa de Roma – Avda. do Camiño Francés – Salgueiriños e itinerario habitual cara Boisaca.

Pol. do Tambre – Boisaca – hospital Clínico: Boisaca – estrada da Coruña – Avda. de Asturias – periférico – Avda. de Lugo - **rúa de Ramón Piñeiro** (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. Galuresa) – Avda. Romero Donallo – Santa Marta e itinerario habitual cara o hospital Clínico.

Liña 4: As Cancelas – Romaño:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saídas das Cancelas: 10.30 h, 11.30 h e 12.30 h.
- Saídas do Romaño: 10.00 h, 11.00 h, 12.00 h.

O servizo da liña quedará restablecido coa saída das 13.00 h desde O Romaño.

Liña 5: Rocha – Vite:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saídas de Vite: de 10.00 h a 12.30 h.

Os servizos da liña 5 con saída de Vite quedarán restablecidos coa saída das 13.00 h da cabeceira en Vite.

Os servizos con saída da Rocha entre as **10.00 h e as 12.30 h** terán como destino a rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia). Desde esta rúa voltarán cara a Rocha aproximadamente ás 10.15 h, 10.45 h, 11.15 h, 11.45 h, 12.15 h e 12.45 h.

Os servizos da liña 5 con saída da Rocha quedarán restablecidos no seu traxecto habitual coa saída das 13.00 h da cabeceira na Rocha.

Rocha – rúa Ramón Piñeiro: Rocha – itinerario habitual ata Avda. de Ferrol – Avda. Romero Donallo – Avda. de Lugo – rotonda baixo o periférico (cambio de sentido) - rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia).

Rúa Ramón Piñeiro – Rocha: Rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. Galuresa) – Avda. Romero Donallo – cambio de sentido na rotonda superior de Romero Donallo – Avda. de Vilagarcía – García Prieto e itinerario habitual ata a Rocha.

Liña 6: San Marcos – Os Tilos:

Entre as **9.15 h e as 13.15 h**, os autobuses da liña 6 realizarán o seguinte percorrido, sendo a súa parada máis céntrica nos dous sentidos a rúa de Ramón Piñeiro.

- Saídas de San Marcos con variación de itinerario: de 10.00 h a 12.30 h
- Saídas dos Tilos con variación de itinerario: de 9.45 h a 12.45 h

A liña 6 cos seus itinerarios habituais quedará restablecida nas seguintes saídas: San Marcos 13.00 h e Os Tilos 13.15 h.

San Marcos – Ramón Piñeiro – Os Tilos: San Marcos – rúa de San Lázaro – rúa de París – rúa Londres – Avda. de Lugo - **rúa de Ramón Piñeiro** (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. Galuresa) – rúa Amor Ruibal e itinerario habitual ata Os Tilos.

Os Tilos – Ramón Piñeiro – San Marcos: Os Tilos – itinerario habitual ata Amor Ruibal - Avda. de Lugo – rotonda baixo o periférico (cambio de sentido) – acceso á rúa **Ramón Piñeiro** - rúa do Hórreo (direcc. est. ferrocarril) – Avda. de Lugo – rúa de Berlín – rúa de París – rúa de San Lázaro e itinerario habitual cara San Marcos.

Nos dous sentidos de circulación, no momento en que a carreira pase a zona de Valiño, rúa das Fontiñas e rúa Fonte dos Concheiros, os autobuses realizarán as paradas habituais destas rúas, para logo continuar pola Avda. de Lugo en dirección a Ramón Piñeiro (en dirección Os Tilos) ou ben a San Marcos (no outro sentido).

Liña 7: San Roque – Aríns:

Nas horas que se relacionan de seguido, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: rúa de Valle Inclán, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, praza de Galicia, rúa do Hórreo e Patio de Madres.

Saídas da rúa Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) cara Aríns	Saídas de Aríns con destino á rúa Ramón Piñeiro
10.00 h	10.30 h
11.00 h	11:30 h
12.00 h	

Ramón Piñeiro – Aríns: saída da rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) – rúa do Hórreo (direcc. Estac. ferrocarril) – Avda. de Lugo – rúa Bernardo Barreiro – rúa Curros Enríquez – rúa Castrón Douro e itinerario habitual ata Aríns.

Aríns – Ramón Piñeiro: Aríns – itinerario habitual ata a rúa Castrón Douro – rúa Curros Enríquez – rúa Bernardo Barreiro e acceso á rúa Ramón Piñeiro.

Liña 8: Vidán – Belvís:

Nas horas que se relacionan de seguido, a liña 8 realizará un percorrido alternativo, facendo a parada máis céntrica na rúa de Ramón Piñeiro:

Saídas de Belvís	Saídas de Vidán
10:00	10:30
11:00	11:30
12:00	12.30

Vidán – Ramón Piñeiro - Belvís: saída de Vidán – Avda. Mestra Victoria Míguez – Avda. Mestre Mateo – Rosalía de Castro (ata pza. de Vigo) – Avda. de Vilagarcía – Avda. Romero Donallo – Avda. de Lugo - rotonda baixo o periférico (cambio de sentido – rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) – rúa do Hórreo (direcc. est. ferrocarril) – Avda. de Lugo – cambio de sentido para acceder á rúa da Ameixaga – Seminario Menor – Quiroga Palacios.

Belvís – Ramón Piñeiro – Vidán: Belvís – Avda. de Lugo – rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. est. ferrocarril) – Avda. Romero Donallo – Avda. Mestre Mateo – Avda. Mestra Victoria Míguez – Vidán.

Liña 13: Casas Novas – tanatorio de Boisaca

Suprimíranse os servizos: rúa da Senra – tanatorio de 11.30 h, e Tanatorio – rúa da Senra das 12.00 h.

Debido á supresión da liña 4, quedarán suprimidos igualmente os pasos polas Casas Novas nos horarios seguintes:

- Saída das Cancelas pasando por Casas Novas ás 11.30 h.
- Saída do Romaño pasando por Casas Novas: 11.00 h.

Liña C2: est. autobuses – Fontiñas – hospitais – Vite – est. autobuses:

Veranse suprimidas as seguintes saídas da estación de autobuses: **10.15 h e 11.15 h.**
O servizo na liña reanudarase coa saída da estación de autobuses das 12.15 h.

Liña C11: Circular de Fontiñas:

Entre as **10.00 h e as 12.00 h**, os autobuses da liña C11 realizarán o percorrido que se indica a continuación:

Rúa de París – rúa de Ramón Piñeiro: (saídas da rúa París ás 10.00 h, 10.30 h, 11.00 h, 11.30 h e 12.00 h).

Rúa de París – itinerario habitual por Fontiñas – Avda. de Lugo - rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia).

Rúa de Ramón Piñeiro - Rúa de París: (pasos aproximados por Ramón Piñeiro cara Fontiñas ás 10.15 h, 10.45 h, 11.15 h, 11.45 h e 12.15 h).

Rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) - rúa do Hórreo (direcc. est. ferrocarril) – Avda. de Lugo (carril de servizo) – rúa de Berlín e itinerario habitual ata a rúa de París.

Liña P1: San Roque – Figueiras:

Quedarán suprimidos os seguintes servizos:

- Saídas de San Roque: 10.30 h.
- Saídas de Folgoso: 11.00 h.

Liña P2: estación de autobuses – Ortoño:

Nas horas que se relacionan de seguido, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: est. de autobuses, Pastoriza, Basquiños, San Roque, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, rúa da Senra, Xoan Carlos I e rúa Rosalía de Castro.

Saídas da rúa Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia)	Saídas de Ortoño con destino á rúa Ramón Piñeiro
11.30 h	10.00 h

Ramón Piñeiro – Ortoño: saída da rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) – rúa do Hórreo (direcc. est. ferrocarril) – Avda. Romero Donallo – Avda. Mestre Mateo e itinerario habitual ata Ortoño.

Ortoño – Ramón Piñeiro: Ortoño – itinerario habitual ata Avda. Mestre Mateo – Rosalía de Castro (ata pza. de Vigo) – Avda. de Vilagarcía - Avda. Romero Donallo - Avda. de Lugo – rotonda baixo o periférico (cambio de sentido) – acceso á rúa Ramón Piñeiro.

Liña P3: San Roque – Sta. Lucía - Susana:

Nas horas que se relacionan de seguido, o autobús realizará un percorrido alternativo. Nestas viaxes non se realizarán as seguintes paradas: rúa de Valle Inclán, Virxe da Cerca, Ensinanza, Fonte de San Antonio, praza de Galicia e rúa do Hórreo.

Saídas da rúa Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) a Susana	Saídas da Susana con destino á rúa Ramón Piñeiro
10.00 h	9.30 h
11.00 h	10.30 h
12.00 h	11:30 h

O servizo da liña co seu itinerario habitual quedará restablecido coa saída das 12.30 h desde A Susana.

Ramón Piñeiro – A Susana: saída da rúa de Ramón Piñeiro (lateral Parlamento de Galicia) – rúa do Hórreo (direcc. Estac. ferrocarril) – rúa Amor Ruibal e itinerario habitual ata A Susana.

A Susana – Ramón Piñeiro: A Susana – itinerario habitual ata rúa Amor Ruibal – Avda. de Lugo – rotonda baixo o periférico (cambio de sentido) – acceso á rúa Ramón Piñeiro.

Pregamos desculpen as molestias que estas modificacións lles podan ocasionar.

Servizos especiais para asistir ao partido de baloncesto Blu:sens Monbus – Lucentum Alicante (domingo 30 de outubro).

Con motivo do partido de baloncesto o vindeiro domingo 30 de outubro ás 12.30 h no multiusos Fontes do Sar, haberá un servizo lanzadeira desde a rúa de Ramón Piñeiro (lateral do Parlamento de Galicia) ata o multiusos Fontes do Sar a partir das 11.30 h.

Ao remate do partido, manterase o servizo lanzadeira con destino a Ramón Piñeiro e maila liña C11.

Servizos especiais de transporte ao cemiterio de Boisaca (martes 1 de novembro).

Con motivo da celebración das festividade de Todos os Santos e Defuntos, a liña 1 do transporte urbano verá reforzados os seus servizos no horario de apertura do cemiterio de Boisaca.

Deste xeito, o luns 31 de outubro, sendo día laborable, a frecuencia da liña será de 16 minutos como habitualmente. O martes 1 de novembro, a frecuencia da liña será de 16 minutos entre as 9.00 h e as 20.00 h. O resto do día, os horarios serán como un día festivo.

Lembrarlles que o día 1 de novembro, os autobuses rematarán a liña en Boisaca, sen chegar ao final do polígono do Tambre, como nun día festivo.